

É un centro público que alberga alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria con servizos de transporte, comedor escolar e Almorzares (ofertado pola ANPA); cunha metodoloxía moi activa, participando en **Programas europeos, programas solidarios, Traballo por proxectos e contratos-programa**

**HORARIO INFANTIL E PRIMARIA:** De luns a venres de 9:30 ata 14:30h e/ou ata 15:30h se é usuario de comedor escolar.


**HORARIO SECUNDARIA:** 9:30 ata 14:50h.

#### PROXECTOS E PLANS DO CENTRO:

- **Plan Proxecta: recreos activos**
- **Proxectos Edixgal e Abalar .**
- **Proxecto LÓVA (La ópera como vehículo de aprendizaxe)**
- **Contratos –programa**
- **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares**
- **Robótica en Primaria (4º e 6º EP)**
- **Erasmus+**
- **Seccións Bilingües en 5º e 6º EP na materia de Plástica**
- **Proxectos propios de centro.**

## Premios e Recoñecementos

- Premios no Plan Proxecta Meteoescolas: 2º no 2012-2013, 1º no 2013-2014 , e no 2014-2015 e Premio á Excelencia 2015-2016
- 1º Premio da FAPXG co noso video Cantando coas máns.2016-2017 e 2017-1028.
- 1º Premio Plan Formación Permanente do Profesorado. 2016.
- 1º Premio Concurso Comunicatedu. 2017-2018
- Premios alumnado ESO: Canguro Matemático Concurso Once, Relato Corto, Rally Matemático....
- Premio Clipmetrax e finalistas no Olloboi.



Pertencemos ao **PLAMBE** moi activamente como podedes observar no seguinte enlace ao blog da nosa biblioteca escolar: [CARABELA DE ARES](#)



## NO CPI AS MIRANDAS

O **profesorado** é moi activo participando nos proxectos de centro: **Plan Proxecta, Dende Ares cara ao mar**, así como, colaborando coa **Biblioteca** (Plan lector, apadriñamento lector...), **actividades complementarias**: concertos didácticos, teatros, visitas a diferentes exposicións, museos... tamén na súa **formación**: **PFPP** (Plan de formación permanente do profesorado) e cursos que ofertan a Consellería ou CFR .

Presenta os seguintes servizos:

**ALMORZARES:** servizo de atención ao alumnado de 7:30 A 9:15H

**COMEDOR ESCOLAR:** xestionado polo centro de 14:30 a 15:30h.

**TRANSPORTE ESCOLAR:** xestionado pola Consellería.

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** polas tardes organizadas pola ANPA (inglés, patinaxe, piscina...)

#### OUTRAS PARTICIPACIÓNS:

- **CARREIRA SOLIDARIA**
- **RECOLLIDA DE ALIMENTOS PARA ENTREGALOS Á COCIÑA ECONÓMICA E CÁRITAS**
- **COLABORACIÓNS COA ANPA**
- **COLABORACIÓNS CO CONCELLO**
- **COLABORACIÓNS CO CFR DE FERROL**



Diploma do Programa "MeteoEscolas" do Plan Proxecta Convocatoria 2015-2016

Proxecto de excelencia «A Tempo»

CPI As Mirandas

Santiago de Compostela, Setembro 2016



Mellor Proxecto de Formación Permanente do Profesorado CFR de Ferrol

CPI As Mirandas e ANPA PREMIOS PFPP 2016



## PROXECTOS PROPIOS DE CENTRO

O interese pola educación, pola calidade e mellora da ensinanza tanto a nivel local, nacional como europeo é un reto a seguir e non se pode considerar sen a implicación do profesorado, máximo responsable en cada centro educativo, ao que hai que darlle a oportunidade de participar en programas educativos institucionais, ampliar o seu desenvolvemento profesional visitando, observando, adquirindo ferramentas, métodos e aprendizaxes novos en centros educativos de toda Europa.

*"Largo es el camino de la enseñanza por medio de teorías; breve y eficaz por medio de ejemplos." Séneca.*



**I FEIRA: DENDE ARES CARA AO MUNDO** (Curso 2016-2017) Stands representativos dos diferentes países e traballos realizados polo alumnado nas aulas.



**II FEIRA: DENDE ARES CARA AO MAR** (Curso 2017-2018). Global Muiñeira e stands cos traballos sobre o mar realizados polo alumnado nas aulas.



**CPI AS  
MIRANDAS**

Avenida Celso Emilio Ferreiro, 4  
15624- Ares (A Coruña)

Teléfono: 881930020

Fax: 881930027

Correo: [cpi.asmirandas@edu.xunta.es](mailto:cpi.asmirandas@edu.xunta.es)

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiasmirandas/>